

Mobilidade Internacional ETSAC

PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL

1. SOLICITUDE

FAQ:

Como solicito a mobilidade?

A través do portal de solicitude. Non é necesario ningún outro procedemento.

2. SELECCIÓN DE [DESTINO](#)

FAQ:

Cantos destinos podo solicitar?

Pódense solicitar ata catro destinos (bilateral e/ou erasmus). A única limitación é solicitar a mesma duración en tódolos destinos.

Pódese solicitar unha mobilidade internacional e un intercambio SICUE á vez?

Sí. Pódese facer unha mobilidade internacional de máximo 12 meses (fin de estudos e fin de prácticas) e unha mobilidade SICUE de máximo 12 meses (poden ser 6 meses en dúas institución diferentes).

Cal é a duración máxima da mobilidade?

Pódese facer unha mobilidade internacional de máximo 12 meses e unha mobilidade SICUE de máximo 12 meses.

Non atopo un destino que se ofertaba o ano anterior. Xa non está vixente?

A oferta varia dun ano a outro. É necesario consultar a oferta dispoñible no momento de solicitar a mobilidade

Como selecciono o meu destino en función das convalidacións?

Non hai que especificar as convalidacións no momento da solicitude. O estudante pode prever as posibles convalidacións futuras analizando os programas das outras escolas

Noutras escolas teño problemas para atopar materias de estruturas.

Teño que cambiar de destino?

Pódense incluír no LA materias de outras escolas que poidan suplir materias máis técnicas, coma camiños ou arquitectura técnica

Como podo obter información dalgún destino concreto?

Contacta coa túa coordinadora para establecer contacto con xente que xa fixera ou esté facendo a súa mobilidade no destino que te interesa

O requisito lingüístico do destino que me interesa é diferente ao existido pola UDC. Teño que ter o certificado no momento da solicitude?

No momento da solicitude é necesario ter o requisito existido pola UDC. O requisito existido pola institución de destino é necesario no momento de formalizar o contrato (abril-maio)

3. ADXUDICACIÓN

FAQ:

Se solicito varios destinos e se me adxudica o primeiro, bórraseme do resto?

Sí. No momento da adxudicación dunha das opcións solicitadas, o resto queda eliminado. A única opción para optar a outro destino é esperar á seguinte convocatoria de mobilidade do mesmo ano académico (de ser así, a axuda económica debe solicitarse igualmente en primeira convocatoria) *

Se solicito unha mobilidade e finalmente renuncio, podo solicitar outra mobilidade en convocatorias sucesivas?

Sí, se a renuncia foi debidamente xustificada. *

**A renuncia por parte do estudante complica todo o proceso de adxudicación. A renuncias deben estar debidamente xustificadas. A ausencia de razóns de peso para dita renuncia pode impedir a participación en convocatorias sucesivas.*

4. ACEPTACIÓN (OU RENUNCIA)

5. NOMBRAMIENTO

6. FIRMA DO CONTRATO (LA)

FAQ:

Como se formaliza o contrato entre institucións?

O estudante propón un recoñecemento de materias que a coordinadora ten que aceptar e asinar. O número máximo de créditos ECTS a convalidar é de 38 por cuatrimestre.

É posible modificar nalgún momento o contrato inicial?

O estudante dispón dun mes natural dende o comezo das clases (de cada cuatrimestre) para propoñer cambios, que teñen que ser aceptados polos coordinadores da institución de orixe e destino.